

Visítanos o Señor nesta festa de san Rosendo tamén este ano no camiño coesmal cara a Pascua do Resucitado. Unha senda que estamos a percorrer co firme propósito de acender o noso corazón na caridade de Cristo. Unha senda de conversión que nunca habemos abandonar.

San Rosendo é modelo e molde para facermos vida e misión a caridade de Cristo en cada corazón desta Igrexa de Mondoñedo-Ferrol. Se vamos coñecendo e imitando como medra o amor de Deus no noso santo patrón, adiantaremos nesta senda de conversión para realizarmos a misión que o Señor nos encomenda a cada un, segundo os dons e mailas forzas que El mesmo nos outorga.

San Rosendo recibe e acepta a misión coa alegría de quen puxo o corazón soamente en Deus e no seu plan de salvación. Sen se escusar nas súas debilidades, na súa inexperiencia ou no seu temor ante a encomenda, afronta o reto de ir na busca das ovellas, como fai o Bo Pastor, coa mesma caridade de Cristo. Rescata ás espaxadas e reúneas na terra da promesa, que é a Igrexa misioneira, misericordiosa e samaritana. Apacéntaas nos mellores e máis suculentos pastos, sen deixar de saír a buscar ás que aínda non atoparon a porta do curral. No camiño de volta detense a descubrir, curar e vendar feridas con escoita atenta, paciencia e agarimo. É xusto con todas. Fortalece ás débiles e esixe xenerosidade ás que só se preocuparon delas mesmas engordando mentres as outras non tiñan abondo.

San Rosendo, sempre en misión, revestido do amor de Cristo, desexoso de ir a un lugar afastado para dedicar a súa mente e o seu corazón enteiramente a Deus, compadécese de quen anda como ovella sen pastor. Sen vacilar, forte no Señor, fai fronte ó mal, co que non hai que dialogar. O mal que carrega dor e sufrimento, baleiro e tristeza, ós fillos amados de Deus. O mal dos mil rostros, que resulta ser un lobo devorador que se ceba coas ovellas máis fráxiles e malferidas. O mal que enche os corazóns de pezoña e que os arrefece deixándoos á deriva, lonxe do verdadeiro amor. Pero un mal ante o que san Rosendo resiste e permanece firme porque se fortalece na íntima unión orante con Cristo.

Pidámoslle ó Señor que se acenda o noso corazón na caridade de Cristo, coma prendeu no corazón de san Rosendo, para aceptar con gozo a misión que recibimos do Señor. Que, cunha oración incesante, manteñamos acendido o noso corazón para saír ó encontro de quen está disperso ou non atopa o camiño da currada: os decepcionados, os desencantados, os dubitativos, os que queren unha fe á carta, os que non entenden a mensaxe... Que, con esta oración persoal e eclesial, o Señor nos permita facer fronte ó mal, como llo concedeu ó noso patrón. Para loitar contra a desesperación, contra a tristeza, contra o desprezo dos humildes, contra o odio e a violencia, contra toda falta de respecto e de liberdade, contra o egoísmo e a inxustiza, contra a indiferenza e a comodidade.

Que a luz deste fiel discípulo misioneiro de Cristo brille nos nosos corazóns e nos nosos ollos, e resplandeza coma luminaria da Igrexa que peregrina en Mondoñedo-Ferrol dende hai tantos séculos. Que o noso rostro e mailas nosas obras —o noso corazón misioneiro ardendo no amor de Cristo— dean testemuña da fe que recibimos grazas á entrega de san Rosendo, para que os duros traballos do Evanxeo dean froitos abundantes. Amén.